

1º DESAFÍO MILLAGROSA

Carreira popular de obstáculos

2-9-2017 ás 9.30 horas



Percorrido: Parque da Milagrosa-Rúa Xílgaro-Rúa Emilio González López-Rúa Cemiterio Vello-Avenida da Milagrosa-Parque da Milagrosa

Organiza



Haberá MEDALLA para todas as persoas que rematen a proba



Inscripción GRATUÍTA, regulamento e máis información no Facebook da Asociación

Colaboran

Patrocina



Comisión de festas da Milagrosa

“I DESAFÍO A MILLAGROSA”

A Asociación de Comerciantes, Hosteleiros e Profesionais do Barrio da Milagrosa de Carballo, en colaboración co Concello de Carballo, organiza o “I Desafío Millagrosa” que se celebrará o vindeiro **2 de setembro de 2017 a partir das 9:30 h.**

O “I Desafío Millagrosa” é unha carreira de obstáculos, realizada no barrio de A Milagrosa, co debido permiso das autoridades.

PARTICIPACIÓN:

-CATEGORÍA ABSOLUTA E MENORES:

Para poder participar **é preciso ter 16 anos** no momento da celebración da proba e ter aceptado dito regulamento. Os menores de idade terán que formalizar un documento de consentimento paterno. A carreira disputarase por un sistema de **quendas cada 10 minutos**, e cada unha delas, **constará de 10 corredores** aproximadamente. A orde de saída será por orde de inscrición. Nos días previos á proba, publicaranse os nomes dos membros de cada lote na páxina web da Asociación de Empresarios de A Milagrosa. A través da megafonía realizarase o chamamento de saída e de pre-saída. **O número máximo de inscritos será de 200 corredores.** A primeira saída terá lugar **ás 9:30 h.**

PERCORRIDO

CATEGORÍA ABSOLUTA E MENORES: van a pasar por un **circuíto de 1000 m.** aprox. con un grupo de obstáculos que deben ser superados.

PENALIZACIÓN:

A falta de superar calquera obstáculo, cada participante terá que facer un total de 15 “burpees” (flexión e salto).

CUSTE PARA OS PARTICIPANTES

Será totalmente gratuíta.

IDENTIFICACIÓN

Para recoller o dorsal, será imprescindible presentar o D.N.I. ou outro documento de identificación de todos os corredores por mor do seguro de un día.

SEGUROS

- 1.- Cada corredor, participa baixo a súa responsabilidade asumindo a súas posibilidades físicas.
- 2.- A organización dispón de **Seguro de responsabilidade civil que cubre a proba.**

MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

- 1.- Non realizar o percorrido na súa totalidade ou non superar os obstáculos debidamente.
- 2.- Participar baixo outra identidade ou estar inscrito incorrectamente.
- 3.- Calquera outra situación non recollida neste regulamento e que segundo ó xuízo da organización sexa considerado coma incorrecto.
- 4.- Non cumprir o regulamento ou a alteración do comportamento da proba.

SEGURIDADE

A organización disporá de unha ambulancias na zona de saída e meta.

TROFEOS E MEDALLAS

- 1.- Todos os corredores que rematen a proba terán unha **medalla “FINISHER”**
- 2.-Trofeos para os tres primeiros homes e trofeos para as tres primeiras mulleres.

SERVICIOS E AVITUALLAMENTO

- Duchas e baños no pavillón municipal.
- Avituallamento líquido na zona de meta.
- Animación durante o percorrido con grupo

RÚAS AFECTADAS:

AVD. DA MILAGROSA:

Utilizarase a beirarrúa e o carril máis próximo ó Parque e á Capela da Milagrosa, quedando útil para o tráfico rodado un carril de ida e outro de volta dirección Carballo-Coristanco.

APARCAMENTO DA PRAZA DA MILAGROSA:

Utilizarase por completo quedando libre ó tráfico a rúa Camiño do Cemiterio Vello.

CAMIÑO DO CEMITERIO VELLO:

Quedará libre ó tráfico e só se utilizará a beirarrúa e zona do aparcamento que está máis próxima ó Parque da Milagrosa e ó campo de fútbol sala.

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ:

Utilizarase na súa totalidade desde a rúa Xílgaro hasta a Camiño do Cemiterio Vello.

RÚA XÍLGARO:

Utilizarase o carril máis próximo ó Parque da Milagrosa, quedando os outros dous libres ó tráfico unindo a rúa Saturnino Cuiñas con Adv. da Milagrosa.


ORGANIZA:



COLABORAN NA PROBA:



E COMISIÓN DE FESTAS DA MILAGROSA



PERCORRIDO
PECHE CON VALAS / CONOS

Google Earth